

REGULAMENTO PARA ELABORAR O TRABALLO DE FIN DE GRAO EN DEREITO

REGULAMENTO PARA ELABORAR O TRABALLO DE FIN DE GRAO EN DEREITO

Preámbulo

1. O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao (en adiante, TFG) orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

2. A Universidade de Vigo, no consello de goberno do 17 de xullo de 2015, aprobou o Regulamento para realizar o traballo de fin de grao nesta universidade. A presente normativa elabórase ao abeiro do seu artigo 2.5, segundo o cal «cada centro desenvolverá o presente regulamento nunha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais de grao que se impartan nel».

3. A memoria do título do Grao en Dereito, avaliada positivamente pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), inclúe a elaboración e a exposición do referido TFG por parte do alumnado do último curso, cunha carga equivalente a 6 créditos ECTS, e establece que o centro aprobará unha normativa interna para a súa xestión. O anexo I da Memoria para o PCEO do Grao en ADE e o Grao en Dereito (Campus de Ourense) inclúe tamén no plan de estudos a materia TFG de Dereito, que se regulará pola presente normativa interna.

Con respecto ao antedito, elabórase a presente normativa interna da Facultade de Dereito para realizar os TFG, consonte as seguintes disposicións:

Artigo 1. Obxecto e competencias

1. O presente regulamento ten por obxecto regular os diferentes aspectos relativos ao TFG do Grao en Dereito, no ámbito de competencia da Facultade de Dereito.

2. A competencia para xestionar os TFG e para resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar este regulamento correspóndelle á comisión permanente da Xunta de Facultade (en adiante, a comisión). A comisión poderá delegar (respecto do TFG da promoción de que se trate) no tribunal de avaliación o exercicio das súas funcións unha vez que se constituía este. Tamén poderá adaptar, en función das circunstancias de cada curso académico, as datas previstas neste regulamento.

Artigo 2. Aspectos xerais do TFG

1. O TFG consistirá nun traballo académico (como, por exemplo, un traballo de investigación, unha proposta e unha solución dun caso práctico, un comentario xurisprudencial etc.) orixinal e inédito en galego ou en castelán sobre temática xurídica.
2. De xeito excepcional, poderase admitir a presentación de traballos redactados noutros idiomas –co visto e prace do titor ou titora, a aprobación previa pola comisión, e considerando a eventual composición do tribunal avaliador–. Os devanditos traballos deberán acompañar, en todo caso, un resumo en galego ou en castelán.
3. O TFG deberá realizarse de xeito persoal, autónomo e individual, seguindo as orientacións dun titor ou titora académico, e poderá revestir unha orientación teórica e/ou práctica. Sen prexuízo do anterior, excepcionalmente, se a envergadura e a estrutura do traballo o permite, e tras a autorización da comisión, dous alumnos/as poderán compartir titor ou titora e traballo, pero cadaquén deberá presentar e defender o traballo separadamente. Ademais, serán avaliados de xeito individual, en aplicación á parte correspondente a cada estudante dos criterios detallados nos parágrafos seguintes.
4. O TFG estará orientado a amosar a capacidade de integración dos diversos contidos formativos recibidos e a adquisición das competencias vinculadas coa correspondente ficha da memoria do Grao en Dereito.
5. O TFG terá unha extensión en ningún caso superior nin a 100 000 caracteres con espazo nin a 50 páxinas, e respectará as seguintes normas académicas, segundo o modelo que se xunta no anexo I do presente Regulamento:
 - a) *Portada*. A portada do TFG incluírá o título, o nome do autor/a, o do seu titor/a, o mes e o ano en que se presenta e a indicación de que se trata dun «TFG-Grao en Dereito-Facultade de Dereito da Universidade de Vigo» (en galego ou en castelán).
 - b) *Primeira páxina*. Na primeira páxina aparecerá, tanto na lingua oficial usada no traballo coma en inglés, o título e o nome do autor/a, acompañados dun breve resumo do traballo (*abstract*) e unha pequena listaxe de palabras clave (*keylist*). Na páxina seguinte se incluírá o índice.
 - c) *Introdución e conclusións*. O primeiro apartado do traballo levará por título «Introdución», onde se explicará o porqué do tema elixido, os fins propostos ou outros aspectos que o autor/a desexe destacar; e ao final do traballo, antes da «Bibliografía», incluírase un apartado de «Conclusións».
 - d) *Bibliografía*. As referencias bibliográficas, que se limitarán ás obras citadas no traballo, ordenaranse alfabeticamente polos apelidos (en maiúsculas) do autor/a, no apartado «Bibliografía», ao final do traballo.
 - e) *Citas*. As regras de presentación das citas e das referencias no TFG seguirán as pautas máis comúns ás que se adaptan as investigacións xurídicas.

6. Os dereitos de autoría sobre o TFG corresponderanlle ao seu autor ou autora.
7. Para formalizar a matrícula e para poder defender o TFG é necesario cumprir formal e materialmente os requisitos marcados con carácter xeral pola normativa da Universidade de Vigo.
8. O TFG disporá da súa propia guía docente, como as restantes materias do grao.
9. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao, de acordo coa normativa xeral da Universidade de Vigo e co presente regulamento, forman parte das obrigas docentes do profesorado.

Artigo 3. Titor ou titora académico

1. O TFG deberá ser titorizado por un ou unha docente do grao da Facultade de Dereito, que orientará e supervisará a súa elaboración para lograr os obxectivos e o desenvolvemento das competencias descritas no artigo anterior.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar a/o estudante na temática, metodoloxía e presentación do TFG, cuxa responsabilidade e elaboración correspóndenlle ao propio alumno/a.
3. As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa, pero non poderá asistir nin participar nas deliberacións do tribunal. 4. Poderán titorizar ou cotitorizar un TFG as profesoras/es de departamentos xurídicos con plena capacidade docente e docencia no grao na Facultade de Dereito. Excepcionalmente, a comisión poderá autorizar a titorización ou cotitorización noutros casos. Os membros titulares do tribunal de TFG non poderán titorizar traballos durante o curso académico en que foron nomeados, salvo que durante os cinco primeiros días lectivos posteriores ao seu nomeamento llo soliciten expresamente ao decanato.
5. As/Os docentes da Facultade de Dereito que reúnan os requisitos para titorizar deberán aceptar a titorización dos TFG que lles correspondan, distribuídos entre eles dun xeito equilibrado.
6. Nos casos de baixa prolongada dalgún titor ou titora, ou da súa desvinculación coa Universidade de Vigo, a comisión poderá asignar unha nova persoa para titorizar a/o estudante afectado.
7. No mes de outubro o decanato porá a disposición do alumnado unha listaxe de todo o profesorado que no curso académico de que se trate cumpra todos os requisitos para ser titor ou titora do TFG. Esa listaxe poderá incluír tamén as posibles liñas de investigación que cada profesor/a poida voluntariamente ofertar. No caso de que non exista tal comunicación, figurará como liña a denominación da área de coñecemento á que pertenza o PDI. Poderán figurar nesta listaxe docentes que non cumpran os requisitos previstos, sempre e cando así o soliciten e sexa aceptado pola comisión permanente.
8. Con independencia do establecido nos anteriores apartados, a comisión garantirá a titorización de todo o alumnado matriculado no TFG. Para tales efectos, establécese o seguinte mecanismo de asignación de titores/as:

- 1.º Durante a primeira quincena do mes de novembro, os/as estudantes matriculados poderán enviarlle ao decanato o formulario contido no anexo II cunha listaxe priorizada de cinco posibles titoras/es. Na segunda quincena de novembro, a comisión de forma regulada atenderá as solicitudes presentadas dentro de prazo en función do expediente académico dos/as estudantes.
- 2.º Ao alumnado que non se lle puidese asignar un titor/a polo anterior procedemento, a comisión permanente asignaralles un/unha por sorteo. No devandito sorteo distribuirase o labor académico de titorización de TFG de xeito equitativo entre o PDI que se inclúa na listaxe.
- 3.º Fronte á listaxe provisional así formada, poderán presentarse alegacións no prazo de sete días naturais desde o seguinte de publicarse. Logo de transcorrer ese prazo, de non existir alegacións, a listaxe provisional adquirirá o carácter de definitiva. No caso de presentarse reclamacións, a comisión responderaas e publicará a listaxe definitiva nun prazo non superior a quince días lectivos desde a publicación da listaxe provisional.

Artigo 4. Presentación de propostas temáticas

1. O alumnado matriculado na materia de Tráballo de fin de grao deberá contactar coa persoa que se lle asigne como titor/a para conformar unha proposta temática axeitada aos seus intereses e vinculada co perfil do Grao en Dereito. A devandita proposta deberá dirixirse á comisión permanente e presentala, utilizando o modelo contido no anexo III, na secretaría do decanato da facultade nos primeiros dez días lectivos do mes de decembro.
2. Cada proposta deberá ir acompañada dunha breve exposición da finalidade e dos motivos que acrediten o seu interese e viabilidade. Tamén deberá incluír o visto e prace do respectivo titor ou titora e, de ser o caso, cotitor ou cotitora, e irán dirixidas ao presidente ou presidenta da comisión. Para tal efecto facilítase un modelo no anexo III desta normativa.
3. Unha vez acabado o prazo para presentar as solicitudes, a comisión estudará as propostas e decidirá sobre a súa admisión, en todo caso antes do remate do primeiro período do curso académico correspondente. As exclusións deberán motivarse e abrirse eventualmente un prazo de cinco días lectivos para solucionar os erros ou presentar novas propostas.

Artigo 5. Asignación do proxecto

1. Á vista das solicitudes presentadas, a comisión aprobará e publicará unha listaxe provisional de propostas temáticas, onde indicará o nome da alumna ou alumno que elaborará o TFG e do titor ou titora responsable. No caso de que, por determinadas circunstancias, algunha solicitude non puidese admitirse, as exclusións deberán motivarse.
2. Fronte ás asignacións indicadas no parágrafo anterior, poderase reclamar no prazo de cinco días lectivos ante a comisión, que resolverá razoadamente no prazo de cinco días lectivos e publicará as listaxes definitivas.

3. O título provisional que figura na proposta temática debe coincidir co que encabece o TFG no momento de presentarse, sen prexuízo de que –sempre que non supoña un cambio de tema– poida incluír modificacións que deberán explicarse no propio TFG ou na súa defensa.
4. A proposta temática e a adxudicación de titor ou titora terá unha validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos deberá realizarse un novo proceso de asignación. Non obstante, se tras concluír o primeiro curso académico a/o estudante non superase a materia e desexase cambiar de titor/a ou de tema, poderá facelo tras solicitarlo por escrito ao decanato no prazo indicado no artigo 3.8.1. O cambio de titor/a ou de tema dá lugar á imposibilidade de presentar o novo TFG ás probas de fin de carreira dese ano natural e á necesidade de seguir o mesmo procedemento e itinerario académico que o resto dos TFG das/os estudantes do novo curso académico.
5. Calquera conflito relativo á asignación ou cambio de titor e á titorización dos TFG presentárase ante a comisión, que resolverá conforme a presente normativa e atendendo ás circunstancias do caso concreto.

Artigo 6. Solicitude de avaliación do TFG

1. Para poder ser avaliado polo tribunal, a/o estudante deberá cumprimentar debidamente, en cada oportunidade, a solicitude telemática da Universidade de Vigo accesible dende a secretaría virtual e, como regra xeral, terá que contar co informe de idoneidade do titor ou titora académico, tamén xerado telematicamente. No informe do titor/a deberá constar o sentido favorable ou desfavorable deste, así como a motivación no caso de ser desfavorable. Excepcionalmente, o tribunal poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada da/o estudante.
2. A solicitude irá acompañada dunha versión do TFG en papel por cuadriplicado. O alumno/a deberá subir unha versión electrónica á plataforma electrónica de apoio á docencia da materia dispoñible en Faitic, no apartado exercicios no prazo de entrega fixado anualmente. Os membros de tribunal terán acceso a dita versión electrónica.
3. Antes de solicitar a avaliación, cada titor ou titora poderá esixirle a cada estudante cuxo TFG tutela que lle entregue un borrador do texto do traballo con antelación mínima abondo para corrixi-lo e, posteriormente, incorporar as correccións a/o estudante responsable do TFG.

Artigo 7. Tribunal avaliador do TFG

1. No mes de setembro, a decana/o, tras o sorteo, nomeará os tres membros do tribunal avaliador do TFG en Dereito (o tribunal), que actuará de forma regular nas convocatorias oficiais dese curso académico. O nomeamento publicárase na páxina web da facultade.
2. O tribunal estará integrado por tres membros titulares e tres suplentes, todos eles de departamentos xurídicos e con plena capacidade docente e investigadora ademais de docencia maioritaria na Facultade

de Dereito. O membro de maior categoría académica será o/a presidente e o membro de menor idade será o secretario/a. Na composición do tribunal respectarase as esixencias da lexislación sobre igualdade de xénero.

3. Non terán a obriga de formar parte dos tribunais (nin como titulares nin como suplentes) as persoas que en cada curso xa exercesen como membros do tribunal en polo menos unha oportunidade completa, ata que todos os profesores/as da facultade habilitados por este regulamento para ser membros dos tribunais se atopen nas mesmas condicións.

4. Os membros suplentes do tribunal actuarán en substitución debidamente xustificada dos membros titulares. Correspóndelle á comisión resolver as controversias ou aclarar as dúbidas que poidan suscitarse neste punto.

5. O tribunal constituirase por orde da persoa que o presida coa suficiente antelación para o correcto exercicio das súas funcións.

Artigo 8. Avaliación do TFG

1. Correspóndelle atribuír o 100 % da cualificación de cada TFG ao tribunal avaliador.

2. O tribunal, utilizando o modelo contido no anexo IV e o Protocolo de avaliación incorporado como anexo V, valorará, á vista do texto escrito do TFG e da súa defensa pública, a adquisición das competencias correspondentes por parte do/a estudante.

3. No caso de que o TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5), deberán indicarse os aspectos susceptibles de corrección e de mellora para poder conseguir a devandita cualificación nunha oportunidade ou convocatoria posterior.

4. O traballo de fin de grao debe cualificarse en acta de acordo coa normativa xeral da Universidade de Vigo. Corresponderalle á secretaria ou secretario do tribunal cubrir, custodiar e entregar as actas.

Artigo 9. Desenvolvemento das defensas públicas do TFG

1. A/O estudante realizará o acto de presentación en sesión pública na data, hora e lugar previamente establecidos polo tribunal.

2. A defensa será pública e presencial. Excepcionalmente, tras unha petición formal e motivada da/o estudante, o tribunal, segundo corresponda, poderá autorizar a presentación a distancia e virtual, sempre que se considere oportuno e que concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que o permitan.

3. Cada estudante realizará unha exposición dos principais resultados acadados non superior a dez minutos, coa utilización dos materiais xurídicos propios que estime oportunos e co emprego optativo de medios audiovisuais, en función da dispoñibilidade do centro. Posteriormente, sen superar en ningún caso máis de cinco minutos cada un, os membros do tribunal poderán realizar as observacións e as preguntas que, no seu caso, consideren oportunas. Despois, o/a estudante, se é necesario, responderá brevemente.

Artigo 10. Revisión da cualificación do TFG

Cada estudante poderá solicitar a revisión da cualificación obtida de acordo co procedemento xeral para tal efecto establecido pola Universidade de Vigo.

Artigo 11. Arquivo dos TFG

Os TFG que obtivesen polo menos a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo en formato dixital.

Artigo 12. Esquema do calendario académico do TFG

| Quen | Que | Cando |
|-------------------------------|--|--|
| Decano/a | Sorteo e nomeamento dos membros do tribunal avaliador | Setembro |
| Presidenta/e do tribunal | Constitución | Setembro/outubro |
| Comisión permanente | Información ás/aos estudantes do profesorado dispoñible para titorizar TFG e das liñas temáticas | Outubro |
| Estudantes | (Actividade non obrigatoria.) Presentación ao decanato das súas preferencias para elixir titor/a | 1. ^a quincena de novembro |
| Comisión permanente | Designación de titor/a por elección da/o estudante ou, no seu defecto, por sorteo | 2. ^a quincena de novembro |
| Estudantes/titores ou titoras | Presentación de propostas temáticas | Primeiros dez días lectivos de decembro |
| Comisión permanente | Admisión de propostas temáticas | Decembro-xaneiro (antes do 2.º cuatrimestre) |
| Estudiante + titor/a | Solicitud de avaliación + entrega do TFG terminado + informe de idoneidade | Nos períodos que habilite a comisión conforme o calendario académico |
| Tribunal | Defensa pública ante o tribunal e avaliación do TFG | Os días que correspondan de acordo co que concrete o tribunal respectando o calendario académico |

Disposición transitoria

O dereito de exclusión do artigo 7.3 aplicarase con efectos retroactivos.

Disposición adicional primeira

A enumeración de competencias da táboa do artigo 12 non ten carácter normativo e a comisión permanente poderá modificala e adaptala en función de criterios académicos.

Disposición adicional segunda. Avaliación de fin de carreira.

Cando a Universidade de Vigo permita ao alumnado matricularse por primeira vez da materia Traballo de fin de grao na avaliación de fin de carreira, a comisión permanente procederá ao sorteo da persoa titora entre os/as docentes que no curso anterior tiveran asignado un número de traballos de fin de grao inferior ao máximo establecido. Asignada a persoa titora e consensuada a temática proposta, a comisión permanente procederá a súa aprobación.

Disposición final

Este regulamento e as súas modificacións entrarán en vigor o mesmo día de publicarse no taboleiro oficial de anuncios da facultade.

Dilixencia para facer constar que o presente regulamento para elaborar o traballo de fin de grao en Dereito foi aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense o día 18 de setembro de 2015 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da facultade o día 21 de setembro de 2015.

A Secretaría

María Dolores Fernández Fustes

Dilixencia para facer constar que o presente regulamento para elaborar o traballo de fin de grao en Dereito incorpora as modificacións aprobadas pola Xunta da Facultade de Dereito os días 28 de xullo de 2016 e 24 de febreiro de 2017 e publícase oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da facultade o día 1 de marzo de 2017.

A Secretaría

Concepción Martínez Martínez

ANEXO I

TRABALLO DE FIN DE GRAO /
TRABAJO DE FIN DE GRADO
GRAO EN DEREITO / GRADO EN DERECHO

TÍTULO TFG

Autor: ...

Titor(a)/Tutor(a): ...

Data/Fecha: ...

Facultade de Dereito
Universidade de Vigo

Título
Title

Autor/a

RESUMO/ RESUMEN: O obxecto do presente traballo é a análise de... / El objeto del presente trabajo es analizar...

PALABRAS CLAVE:

ABSTRACT: This work deals with...

KEYWORDS:

ÍNDICE

| | |
|--|-------------|
| Listado de abreviaturas/ Lixtaxe de abreviaturas..... | p. X |
| I. INTRODUCCIÓN/INTRODUCCIÓN | p. X |
| II. DESARROLLO/DESENVOLVEMENTO (A)..... | p. X |
| II.1. Desarrollo/Desenvolvimento (Aa)..... | p. X |
| II.2. Desarrollo/Desenvolvimento (Ab)..... | p. X |
| III. DESARROLLO/DESENVOLVEMENTO (B)..... | p. X |
| III.1. Desarrollo/Desenvolvimento (Ba)..... | p. X |
| III.2. Desarrollo/Desenvolvimento (Bb)..... | p. X |
| IV. CONCLUSIONES/CONCLUSIÓN..... | p. X |
| V. BIBLIOGRAFÍA..... | p. X |

I. INTRODUCCIÓN/INTRODUCCIÓN

II. TÍTULO EPÍGRAFE

II.1. Título subepígrafe

Texto normal¹

¹ APELLIDOS, INICIAL NOMBRE., *Título del libro*, editorial, ciudad, año, p. / “Título del capítulo”, en AA.VV., *Título del libro colectivo*, editorial, ciudad, año, p. / “Título del artículo”, *Revista*, núm., año, p.

APELLIDOS, INICIAL NOME., Título do libro, editorial, cidade, ano, p. / “Título do capítulo”, en AA.VV., Título do libro colectivo, editorial, cidade, ano, p. / “Título do artigo”, *Revista*, núm., ano, p.

Cita de referencias bibliográficas

As regras de presentación das citas e das referencias que a continuación se recollen seguen as pautas máis comúns o tradicionais ás que se adaptan as investigacións xurídicas. Ofrécense como indicativas especialmente para este eido, xa que logo se presentan sen prexuízo de que se o TFG elaborado tivese unha maior vinculación con outra rama da ciencia, poida estar adaptado á súa metodoloxía propia.

Pautas metodolóxicas

A primeira vez que unha obra sexa citada farase unha cita completa dela no pé de páxina, conforme os seguintes formatos:

- a) Autoría: apelido (ou apelidos) e inicial do nome en maiúsculas ou versaletas, separados por unha coma e rematado cun punto.

Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUTIÁN, B. (a separación entre autores farase con punto e coma).

- b) A continuación haberá de diferenciarse segundo o tipo de traballo citado:

- Libro: título do libro en cursiva, seguido do número de edición (se hai máis dunha), editorial, localidade de edición, ano, páxina ou páxinas

EXEMPLO: BLANCO LOZANO, C., *La tutela penal del agua a través del derecho penal*, Bosch, Barcelona, 2001, p. (pp.).

- Artigo en publicación periódica (revista): título do artigo entre comiñas, título da revista en cursiva –se a revista é coñecida comunmente con algún acrónimo, este tamén deberá de indicarse–, ano de edición, páxina inicial e final do artigo, ou páxina concreta do artigo en que consta ou se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: LORENZO SALGADO, J. M., «O arresto de fin de semana como pena privativa de liberdade de cumprimento descontinuo: ¿permite o Código penal a súa execución ininterrompida en casos distintos ao previsto no art. 37.3?», *Revista Xurídica Galega* (Rexurga), núm. 17, 1997, pp. 31-43.

Exemplo 2: LORENZO SALGADO, J. M., «O arresto de fin de semana como pena privativa de liberdade de cumprimento descontinuo: ¿permite o Código penal a súa execución ininterrompida en casos distintos ao previsto no art. 37.3?», *Revista Xurídica Galega* (Rexurga), núm. 17, 1997, p. 40.

- Capítulo en colección de escritos de varios autores: título do capítulo ou achega escrita entre comiñas, en AA.VV., mención –de ser o caso– do nome do coordinador/a, director/a ou editor/a da obra conxunta, título da obra colectiva en cursiva, e, a continuación, a mención da localidade e do ano de edición, páxina inicial e final do capítulo, ou páxina concreta en que consta ou se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: MORILLAS CUEVA, L., «El agua como objeto de protección penal en su vertiente ambiental», en AA.VV. (Coords. QUINTERO OLIVARES, G.; MORALES PRATS, F.), *Estudios de derecho ambiental*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2008, pp. 1067-1089.

Exemplo 2: MORILLAS CUEVA, L., «El agua como objeto de protección penal en su vertiente ambiental», en AA.VV., (Coords. QUINTERO OLIVARES, G.; MORALES PRATS, F.), *Estudios de derecho ambiental*, Tirant lo Blanch, València, 2008, pp. 1067-1089.

- Obra en coautoría: os autores serán mencionados pola orde en que figuren no libro, artigo ou outro tipo de escrito.

Exemplo: FERNÁNDEZ SALMERÓN, M.; ÁLVAREZ CARREÑO, S. M.; SORO MATEO, B.; GUTIÉRREZ LLAMAS, A., «El derecho administrativo y la protección del medio ambiente», *Justicia ecológica y protección del medio ambiente*, 2002, pp. 163-216.

- c) As posteriores citas da mesma obra serán abreviadas: mencionarse unicamente o apelido (ou apelidos, de ser o caso), do autor/a ou autores/as e unha abreviatura do título da obra, seguida de tres puntos suspensivos entre paréntese e da indicación *op. cit.* (obra xa citada).

Exemplo: BLANCO LOZANO, C., «La tutela penal del agua (...)», *op. cit.*, p. 35.

- d) Modo de indicar as páxinas da obra ás que se refire a cita: farase coa abreviatura *p.* ou *pp.* dependendo se se quere aludir a unha ou máis páxinas.
- e) Cita de documentos oficiais de organismos recoñecidos: empregarase o modo de cita oficial destes.
- f) Cita de sentencias: debe recollerse a referencia completa -Tribunal, data da resolución e número de sentenza ou de recurso, engadindo, no seu caso, a referencia da base de datos de que se extraeu-.
- g) Cita de traballos localizables en páxinas web: se a cita é de carácter xeral colocarse o *home page* e se é de carácter especial deberase colocar en primeiro lugar a referencia ao traballo que se quere referir e a dirección do *link* onde aparece a información, *home page*. Deberase indicar tamén a última data da consulta, dado que a información das páxinas web cambia a miúdo ou, incluso, desaparece.

Exemplo:

- a) Cita de carácter xeral:

www.mfom.es

- b) Cita de carácter especial:

RAMOS MARVELOS, P.; «Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico», *Revista de Derecho Ambiental (RDA)*, <http://webs.xacobeia.mx/papers.pdf> (19/01/2012).

Bibliografía e notas no pé de páxina

Nos TFG debe incluírse unha epígrafe final en que se recolla toda a bibliografía consultada para elaboralos.

As notas no pé de páxina irán incluídas ao longo do texto, segundo se vaian precisando, e non ao final do traballo.



PROPOSTA PRIORIZADA PARA A TITORIZACIÓN DO TFG

ANEXO II

CURSO 20__ / 20__

(art. 3.8.1 do Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao en Dereito)

GRAO EN DEREITO– FACULTADE DE DEREITO

D^a/D

_____, con DNI _____, matriculada/o na materia TFG, do 4º curso de Grao en Dereito, presenta ante o Decanato da Facultade de Dereito a seguinte lista priorizada de posibles titoras/es para o seu TFG conforme ao art. 3.8.1 do *Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao en Dereito*:

| Orde de preferencia | Apelidos e nome da persoa proposta |
|---------------------|------------------------------------|
| Primeira/o | |
| Segunda/o | |
| Terceira/o | |
| Cuarta/o | |
| Quinta/o | |

Ourense, _____ de _____ de 20__

- DECANATO DA FACULTADE DE DEREITO.

| | |
|---|------------------|
| MODELO DE SOLICITUDE PARA A PROPOSTA TEMÁTICA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO | ANEXO III |
|---|------------------|

| | | | |
|-----------------------|--|----------------|--|
| Alumno/a: | | | |
| Nome e Apelidos: | | DNI: | |
| Domicilio: | | Num/Andar: | |
| Localidade | | C.P. | |
| Teléfono móbil: | | Otro teléfono: | |
| Enderezo Electrónico: | | | |

EXPOÑO:

1. Que estou matriculado/a na materia Traballo de Fin de Grao e mais en todas as que me faltan para obter o Grao no presente curso académico.
2. Que a normativa interna da Facultade de Dereito para elaborar o Traballo de Fin de Grao prevé que o alumnado matriculado na devandita materia presente propostas temáticas para realizalo. Polo que,

SOLICITO:

Que se inclúa a seguinte proposta na listaxe de propostas temáticas do presente curso académico:

| | |
|------------------------------------|--|
| Proposta temática: | |
| Título provisorio: | |
| Titor/a: | |
| Obxectivos e interese da proposta: | |

Ourense, de..... de 20.....

A persoa interesada

Visto e prace do titor/a (e cotitor/a, se procede)

SR/A. PRESIDENTE/A DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE



**TRABALLO DE FIN DE GRAO – ACTA TRIBUNAL
GRAO EN DEREITO – FACULTADE DE DEREITO**

**ANEXO IV
G080**

| | | | |
|---------------|--|---|--|
| Convocatoria: | <input type="checkbox"/> 2º Cuadri. – 1ª ed. | <input type="checkbox"/> Xullo – 2ª ed. | <input type="checkbox"/> Fin de Carreira |
|---------------|--|---|--|

| | |
|-------------------------|--|
| DNI Alumno/a: | |
| Nome e Apelidos: | |
| Título TFG: | |
| Titor/a: | |

| AVALIACIÓN INDIVIDUAL E PORMENORIZADA: (Recollerase en cada ítem a valoración de cada un dos membros do Tribunal) | | | |
|--|--|-------|--------------|
| Presuposto para comezar a valoración pormenorizada (en todos os TFGs) | SÍ | NON | |
| Comportamento ético correcto (CG11) (Si a opción maioritaria do tribunal é NON, a valoración do TFG será un 0) | Presidente | | |
| | Vogal | | |
| | Secretaria/o | | |
| Valoración (en todos os TFGs) | Cada membro puntuará entre 0 e 2.5 por ítem | | |
| | Presidenta/e | Vogal | Secretaria/o |
| Tema, formulación metodolóxica e estrutura (CG1, CE11, CG8, CG10, CE1, CE10 e CE13) | | | |
| Contido, desenvolvemento e conclusións (CG1, CG2, CG3, CG4, CG6, VG7, CG8, CE1, CE2, CE3, CE4, CE5, CE 6, CE 8, CE11, CE13) | | | |
| Expresión escrita e manexo de fontes (CG1, CG8, CG12, CE1, CE7, CE12, CE14, CE16 e CE17) | | | |
| Defensa pública (CG1, CG12, CE1, CE8, CE 15 e CE18) | | | |
| Valoración (nos TFGs que corresponda) | | | |
| Uso de linguas estranxeiras (CG13 CE 5 e CE 7) | | | |
| Traballo en equipo (CG9 e CG12) | | | |
| CUALIFICACIÓN GLOBAL (Resultado da suma das valoracións outorgadas excluindo en cada ítem cando sexa posible a máis baixa e a máis alta das outorgadas polos membros do Tribunal e, nos TFGs que corresponda, prorrateando a puntuación total –máx. 12.5 ou 15- sobre 10). | Cuantitativa (máx. 10): | | |
| | Cualitativa: | | |

Ourense, a..... de..... de 20.....

| | | |
|--------------|-------|--------------|
| PRESIDENTA/E | VOGAL | SECRETARIA/O |
| | | |

Observacións (é obrigatorio indicar as recomendacións para mellorar no caso de que a cualificación sexa a de Suspenso)



**TRABALLO DE FIN DE GRAO – ACTA TRIBUNAL
GRAO EN DEREITO – FACULTADE DE DEREITO**

**ANEXO IV
G081**

| | | | |
|---------------|---|---|--|
| Convocatoria: | <input type="checkbox"/> 2º Cuadrimestre 1ª ed. | <input type="checkbox"/> Xullo – 2ª ed. | <input type="checkbox"/> Fin de Carreira |
|---------------|---|---|--|

| | |
|-------------------------|--|
| DNI Alumno/a: | |
| Nome e Apelidos: | |
| Título TFG: | |
| Persoa titora: | |

| AVALIACIÓN INDIVIDUAL E PORMENORIZADA: (Recollerase en cada ítem a valoración de cada un dos membros do Tribunal) | | | |
|--|--|-------|---|
| Presuposto para comezar a valoración pormenorizada (en todos os TFGs) | SÍ | NON | |
| Comportamento ético correcto (CT4) (Se a opción maioritaria do tribunal é NON, a cualificación do TFG será 0) | Presidente | | |
| | Vogal | | |
| | Secretaria/o | | |
| Valoración (en todos os TFGs) | Cada membro puntuará entre 0 e 2.5 por ítem | | |
| | Presidenta/e | Vogal | Secretaria/o |
| Tema, formulación metodolóxica e estrutura (CB5, CG1, CG4 e CT1) | | | |
| Contido, desenvolvemento e conclusións (CB1, CB2, CB3, CB5, CG1, CG2, CG3, CG4 e CT1) | | | |
| Expresión escrita e manexo de fontes (CB1, CB4, CB4, CB5 e CT1) | | | |
| Defensa pública (CB4, CG3 e CT1) | | | |
| Valoración (nos TFGs que corresponda) | | | |
| Uso de linguas estranxeiras (CT2) | | | |
| Traballo en equipo (CT3) | | | |
| CUALIFICACIÓN GLOBAL (Resultado da suma das valoracións outorgadas excluindo en cada ítem cando sexa posible a máis baixa e a máis alta das outorgadas polos membros do Tribunal e, nos TFGs que corresponda, prorrateando a puntuación total –máx. 12.5 ou 15- sobre 10). | | | Cuantitativa (máx. 10): Cualitativa: |

Ourense, a..... de..... de 20.....

| | | |
|--------------|-------|--------------|
| PRESIDENTA/E | VOGAL | SECRETARIA/O |
| | | |

Observacións (é obrigatorio indicar as recomendacións para mellorar no caso de que a cualificación sexa a de Suspenso)



Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito

ANEXO
V

Índice

| | |
|--|---|
| I. Obxecto e alcance | 2 |
| II. Procedemento de avaliación e instrucións para a valoración dos ítems recollidos no Anexo IV do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito..... | 3 |
| 1. Comportamento ético correcto (CT4)..... | 4 |
| 2. Tema, formulación metodolóxica e estrutura (CB5, CG1, CG4 e CT1) | 4 |
| 3. Contido, desenvolvemento e conclusións (CB1, CB2, CB3, CB5, CG1, CG2, CG3, CG4 e CT1)..... | 5 |
| 4. Expresión escrita e manexo de fontes (CB1, CB4, CB4, CB5 e CT1)..... | 5 |
| 5. Defensa pública (CB4, CG3 e CT1)..... | 6 |
| 6. Uso de linguas estranxeiras e traballo en equipo (CT2 e CT3) | 6 |

Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito.

I. Obxecto e alcance

O art. 12 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais concreta as directrices para o deseño de títulos de Graduado e sinala que estes ensinos concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de Grao, que deberá estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. Este Protocolo de actuación ten por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo.

Neste documento, que se incorpora como anexo V do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito, preténdense desenvolver e concretar os ítems contemplados polo Anexo IV do mesmo (acta do tribunal), coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia, que se reproducen a continuación:

Competencias:

- CB1 Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- CB5 Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
- CG1 Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
- CG2 Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.

Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito.

- CG3 Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica.
- CG4 Ser capaz de identificar problemas xurídicos e tratar a súa solución de modo interdisciplinar.
- CT1 Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
- CT2 Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
- CT3 Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
- CT4 Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
- CT5 Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultado de aprendizaxe:

- Co Traballo de fin de grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo académico a partir de material inédito e orixinal.

II. Procedemento de avaliación e instrucións para a valoración dos ítems recollidos no Anexo IV do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito

De acordo co Regulamento para elaborar o TFG en Dereito, corresponde ao tribunal avaliador, utilizando o modelo de acta contido no anexo IV, atribuír o 100 % da cualificación do TFG, valorando, á vista do texto escrito do TFG e da súa defensa pública, a adquisición das competencias correspondentes por parte do estudante. No caso de que o TFG non consiga a cualificación mínima de aprobado (5), deberán indicarse os aspectos susceptibles de corrección e de mellora para poder conseguir a devandita cualificación nunha oportunidade ou convocatoria posterior. O estudante poderá solicitar a revisión da cualificación obtida de acordo co procedemento xeral para tal efecto establecido pola Universidade de Vigo.

Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito.

Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos, agrupados no apartado 6, só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

1. Comportamento ético correcto (CT4)

Neste apartado, previo á avaliación propiamente dita do TFG, que valora o comportamento ético correcto do estudante, sanciónase a utilización de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do TFG. Debe entenderse por tal toda práctica ou comportamento que implique utilizar como propias ideas ou fragmentos doutro autor, sen facer referencia expresa ao autor e fonte impresa, electrónica ou audiovisual da que se extraeu a opinión, doutrina ou teoría. En especial, cando se copian directamente frases ou fragmentos de texto doutro autor sen comiñas e citar a fonte, pero tamén cando se resumen parágrafos sen a correspondente referencia.

Trátase dunha condición previa á avaliación propiamente dita do TFG, pois se o tribunal detecta por maioría algún tipo de plaxio, o traballo obterá a cualificación de 0, sen prexuízo, ademais, da posibilidade que asiste ao persoal docente que así o observou de instar a apertura do correspondente expediente disciplinario.

Non se esixe, con todo, que o estudante faga unha contribución de coñecemento orixinal, que implique a recollida de datos orixinais e inéditos para dar resposta a unha cuestión absolutamente nova, tarefa de investigación que excede das competencias que debe posuír un graduado en Dereito. Con todo, debe ser un documento orixinal e novo, realizado polo estudante de forma persoal e autónoma, seguindo as indicacións da persoa titora e non, por tanto, copia ou plaxio de ningún outro traballo.

O catro ítems que se desenvolven a continuación constitúen o soporte da cualificación que se concederá ao alumno e deben puntuarse entre 0 e 2.5 puntos por ítem, excluíndose en cada apartado, cando sexa posible, a cualificación máis alta e a máis baixa das outorgadas polos membros do tribunal.

2. Tema, formulación metodolóxica e estrutura (CB5, CG4 e CT1)

Para avaliar este ítem, o tribunal prestará especial atención a:

- (i) A entidade, interese, tratamento e, no seu caso, actualidade do tema obxecto do traballo académico, así como a súa correspondencia co posterior desenvolvemento do traballo.
- (ii) A estrutura do traballo. Valorarase a elaboración coherente e sistematizada dun índice comprensivo dos contidos tratados, que debe responder a unha estrutura lóxica.

Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito.

- (iii) A formulación metodolóxica, valorándose a capacidade do alumno/a para a procura, xestión e organización de datos relevantes da súa área de estudo.
- (iv) A introdución do traballo, que debería facer referencia á xustificación do tema, a súa utilidade e relevancia, á metodoloxía empregada e ao contido do traballo, permitindo ao lector obter unha visión xeral do mesmo.

3. Contido, desenvolvemento e conclusións (CB1, CB2, CB3, CB5, CG1, CG2, CG3, CG4 e CT1)

É recomendable comezar o desenvolvemento do traballo cunha referencia ao marco conceptual teórico no que se vai a enmarcar o traballo e expor con claridade os resultados ou conclusións obtidas e o xuízo crítico que lle merecen ao seu autor. Para a valoración deste apartado, atenderase especialmente a:

- (i) A capacidade para elaborar e defender argumentos. Valorarase a adecuada elaboración das premisas do traballo, a correcta sistematización das distintas posturas doutrinarias e xurisprudenciais, así como a interpretación de datos relevantes e a consistencia e rigor utilizados na argumentación.
- (ii) O desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.
- (iii) A relevancia das conclusións acadadas, que deben axustarse ao ordenamento xurídico vixente e presentar a debida conexión co corpo do traballo, así como a súa aplicabilidade ou repercusións na práctica xurídica. Conclusións que deben permitir valorar a capacidade do alumno/a de sintetizar os resultados e aspectos máis importantes do traballo

4. Expresión escrita e manexo de fontes (CB1, CB4, CB4, CB5 e CT1)

O tribunal tratará de avaliar a capacidade do alumno/a para transmitir datos, ideas, problemas e solucións e para buscar, obter e seleccionar información, tendo en conta fundamentalmente:

- (i) O uso da linguaxe xurídica, que permita demostrar a capacidade de integración e asimilación de contidos formativos do Grao en Dereito para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole xurídica. O/a estudante debe evitar o emprego de linguaxe coloquial, inapropiado para un estudo de carácter académico.
- (ii) A comprensión do tema analizado e a capacidade de síntese do/a estudante.
- (iii) A correcta expresión e redacción escrita do traballo, con ausencia de erros gramaticais e ortográficos, así como a adecuada utilización dos signos de puntuación.

Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito.

- (iv) O manexo apropiado e congruente de bibliografía, xurisprudencia, lexislación ou outra documentación relevante e o uso correcto das citas doutriniais, lexislativas e xurisprudenciais utilizadas para a elaboración e redacción do texto.

5. Defensa pública (CB4, CG3 e CT1)

O tribunal valorará este ítem sobre a base dos seguintes criterios:

- (i) A construción e sistematización adecuada en extensión, tempo e contido á defensa oral, analizando a correcta exposición das premisas do traballo, as diferentes posturas doutriniais e xurisprudenciais e a defensa clara e organizada dos seus argumentos e conclusións.
- (ii) A capacidade de ordenar e transmitir información ao tribunal avaliador e de utilizar o tempo ante situacións de presión, así como a capacidade de síntese.
- (iii) A capacidade de réplica e de contestación ás preguntas e comentarios realizados polo tribunal, que deberá evidenciar un claro dominio do tema polo estudante.

6. Uso de linguas estranxeiras e traballo en equipo (CT2 e CT3)

O art. 2 do Regulamento define o TFG como un traballo académico orixinal e inédito en galego ou en castelán sobre temática xurídica que debe realizarse de forma persoal, autónoma e individual, pero permite, excepcionalmente:

1. A presentación de traballos redactados noutros idiomas, co visto e prace da persoa titora e previa aprobación pola comisión, tendo en conta a eventual composición do tribunal avaliador.
2. Que dous estudantes poidan compartir persoa titora e traballo, previa autorización da comisión, e sen prexuízo de que cada un deles deba presentar e defender separadamente o seu traballo e ser avaliados de forma individual.

Nestes casos, prevese a valoración na acta do tribunal de competencias relacionadas co uso de linguas estranxeiras e/ou o traballo en equipo, que deben puntuarse igualmente entre 0 e 2.5 puntos por ítem, excluíndose en cada apartado, cando sexa posible, a cualificación máis alta e a máis baixa das outorgadas polos membros do tribunal, e rateando neste caso a puntuación total - 12.5 ou 15- sobre 10 puntos.